

GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA



MAGOSTOS
NO GAIÁS

Fundación
Gaiás

FUNDACIÓN
CIDADE
DA CULTURA
DE GALICIA

AGADIC

Avencia Galega das
Indústrias Culturais

XUNTA
DE GALICIA

galicia

GAIÁS

CIDADE DA CULTURA



A Cidade da Cultura preséntase como un punto de conexión de Galicia con resto do mundo e un motor para impulsar proxectos culturais innovadores. Construída no cumio do Gaiás, un dos montes que rodean Santiago de Compostela, o arquitecto norteamericano Peter Eisenman deseñou esta “cidade” que semella xurdir da terra para erixirse como unha icona da Galicia contemporánea, dialogando coa Compostela milenaria, Patrimonio da Humanidade e destino do Camiño de Santiago.

Este novo espazo, destinado á creatividade e ao coñecemento, acolle catro institucións culturais:

MUSEO CENTRO GAIÁS. A súa beleza e flexibilidade convérteno no espazo perfecto para acoller exposicións de gran dimensión, eventos culturais internacionais e espectáculos de artes escénicas.

BIBLIOTECA E ARQUIVO DE GALICIA. Preservan a memoria bibliográfica e documental da comunidade e actúan como cabeceiras da rede pública de bibliotecas e arquivos.

CENTRO DE EMPRENDEMENTO CREATIVO. Acolle a Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC), que impulsa o tecido empresarial no sector cultural, e o espazo de coworking “Emprende Cultura Gaiás”.

CENTRO DE INNOVACIÓN CULTURAL (CINC). Sede da Fundación Cidade da Cultura e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, que aglutina os servizos tecnolóxicos da Administración galega.



Chega o outono ao Gaiás, e con él a súa festa por excelencia: os magostos. Serán magostos temperáns, os primeiriños do ano, mais escritos cada un deles cunha “M” ben grande da nosa cultura: a de **Milladoiro, Marful e Mofa e Befa**. O Espazo -1 do Museo Centro Gaiás ábrese ás faíscas xeniais destes xigantes, convidando a todos a tisanarse de melodías tradicionais, de ritmos novos, de retranca e teatro.

Serán magostos con sorpresas, nos que celebrar aniversarios como os 35 anos de Milladoiro, nos que Marful compartirá escea con músicos convidados e nos que Mofa e Befa botarán man de “vellos amigos” para recuperar algúns dos seus *sketches* clásicos. E estade seguros que estas tres noites non faltarán castañas. Antes de cada espectáculo, os amigos da Cantina do Gaiás, coa axuda da Indicación Xeográfica Protexida Castaña de Galicia, ofrecerán creativas e divertidas tapas confeccionadas a base deste produto. Magosteiros e magosteiras, aquí vos agardamos!

MAGISTOS NO GAIÁS



MILLADOIRO

**35 ANOS DE MÚSICA
GALEGA POLO MUNDO**

**VENRES, 18 DE OUTUBRO. 21.00 H.
MUSEO CENTRO GAIÁS
ESPAZO -1**

Despois de trinta e cinco anos escribindo a banda sonora de Galicia, Milladoiro segue a buscar a beleza detrás de cada pentagrama, nunha viaxe que ten a Galicia no seu epicentro. Con máis de vinte discos e outra vintena de galardóns, algúns tan prestixiosos como a Medalla de Ouro de Galicia, a banda de *folk* fundada nun lonxano outono de 1978 consolídase como o grupo máis emblemático e internacional da música tradicional galega. Os decanos que abriron camiños, logo percorridos por xeracións de talentosos músicos, continúan a reivindicar un futuro para a música tradicional galega. No aniversario dos seus 35 anos, o grupo que tomou o seu nome das pedras amontoadas no Camiño para indicar a dirección a Santiago volta a Compostela, disposto de nova a emocionar no Gaiás con algúns dos grandes temas da súa amplísima traxectoria.

MAGISTOS NO GAIÁS



MARFUL A SEXTETO + COLABORA- DORES

UN CONCERTO FÓRA DO COMÚN

*VENRES, 25 DE OUTUBRO. 21 H.
MUSEO CENTRO GAIÁS
ESPAZO -1*

A súa combinación de ritmos bailables procedentes de América e Europa (tangos, habaneras, fox, twits, jotas, pasodobres...) e as súas letras rompedoras, libres e intelixentes fixeron de Marful un grupo que abriu una brecha estética en Galicia, que outros moitos seguirían. Do seu primeiro disco vendéronse máis de cinco mil copias e representou a Galicia en festivais internacionais como o WOMEX, a feira máis importante de world music do mundo. O seu segundo disco "Manual de Seducción" esgotou a súa primeira edición antes de saír. Na súa actuación no Gaiás ofrecerán adiantos do seu terceiro disco, que se agarda para 2014. Desta volta, Ugia Pedreira (voz), Marcos Teira (guitarra), Pedro Pascual (acordeón diatónico) e Pablo Pascual (clarinete baixo) estarán acompañados polo trompetista inglés David Herrington, que achegará a fineza dos seus solos e a calidade da súa sonoridade, e polo cantante galego Fran Perez, "Narf", unha das grandes voces da música galega contemporánea. Xunto a eles, tamén o maestro Leandro Deltell á batería e o cubano José Manuel Díaz ao contrabaixo.

MAGISTOS NO GAIÁS



O PIOR DE MOFA & BEFA

XOVES, 31 DE OUTUBRO. 21.00 H.
MUSEO CENTRO GAIÁS
ESPAZO -1

O 28 de decembro de 1992 saltan ao panorama teatral galego dous actores xa coñecidos polos seus traballos noutras compañías. Aquel día, que se conmemoraba o holocausto dos Inocentes, Evaristo Calvo e Víctor Mosqueira deciden renunciar a súa inocencia e a súa pureza artística para transformárense en Mofa e Befá. Dende entón e ao longo de máis de dúas décadas as súas parodias, o seu sentido de humor sarcástico e vitriólico, o seu dominio da técnica do clowns o teñen convertido nun dos grandes do humor galego. Co espectáculo “O peor de Mofa e Befá”, estreado con enorme éxito no 2011 no Teatro Rosalía de Castro e que traerán ao Gaiás, volven á escea algunhas das pezas e *sketches* máis queridos polo seu público e algúns que só se fixeron en contadas ocasións: os paiaos financeiros de “FinisMundi Circus”, o Tío Reveriano de “Cociña Económica”, os flamencos abertzales de “Sempre ao Lonxe” ou Frank Braña. “O peor de Mofa e Befá” conta coa participación estelar de colaboradores habituais como Quico Cadaval, Piti Sanz ou Fran Pérez.

GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA

MAGISTOS NO GAIÁS

INFO PRÁCTICA

Datas:

Milladoiro | Venres, 18 de outubro. 21.00 h.

Marful | Venres, 25 de outubro. 21.00 h.

Mofa e Befá | Xoves, 31 de outubro. 21.00 h.

Lugar:

Museo Centro Gaiás | Espazo -1

Gaiás - Cidade da Cultura de Galicia

Santiago de Compostela

Prezos:

Zona A: 9 euros anticipada | 11 euros na billeiteira o día do concerto

Zona B: 6 euros anticipada | 8 euros na billeiteira o día do concerto

Puntos de venta:

agadic.info

cidadedacultura.org

Organizado por:



Patrocinado por:

Fundación
Gaiás

Coa colaboración de:





AGADIC.INFO
CIDADEDACULTURA.ORG